Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 28/05/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A033000090001LT, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

19.- VAO PERMANENTE (CAMBIO DE TITULARIDADE) – Ramón Fernández Rey

Visto o escrito presentado por **Ramón Fernández Rey**, de data 27/05/2026 (Rexistro de entrada nº 12.493), no que solicita o cambio de titularidade ao seu favor da reserva de vao permanente para a entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa do Rial, nº 28 (Castiñeiras), por falecemento da anterior titular, María José Cadórniga Sampedro, e concedida por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 16/04/2026.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Conceder a Ramón Fernández Rey, cambio de titularidade** ao seu favor da reserva de vao permanente para a entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa do Rial, nº 28 (Castiñeiras), por falecemento da anterior titular, María José Cadórniga Sampedro, e concedida por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 16/04/2026.
 - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
 - *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*
-
-



20.- VAO PERMANENTE – Encarnación Fernández Gago

Visto o escrito presentado por **Encarnación Fernández Gago**, de data 25/05/2026 (Registro de entrada nº 12.256), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Ameixida, nº 35 (Castiñeiras).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 29/05/2026 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Encarnación Fernández Gago**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Ameixida, nº 35 (Castiñeiras), con reforzo de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

21.- VAO PERMANENTE - José Manuel Bahamonde Rego

Visto o escrito presentado por **José Manuel Bahamonde Rego**, de data 13/05/2026, no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Listres, nº 25 (Aguíño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 29/05/2026 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a José Manuel Bahamonde Rego**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Listres, nº 25 (Aguíño), con reforzo de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



22.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS: CURSOS DE SURF

Vista a proposta de aprobación de prezos públicos do Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 26/05/2025, no que se solicita a aprobación de prezos públicos para a realización dos cursos de surf durante os meses de verán para persoas xóvenes nadas entre 2007 e 2017.

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, e o Tesoureiro Municipal, Félix Manuel Carrasco del Pozo, de data 27/05/2026

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1º.- Que se estableza un prezo público de 50,00€ por persoa participante, en base a **Ordenanza fiscal C.3 Reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo concello**, no seu artigo 4.2 (Establecemento e contía), establece que, *“A estes efectos, con carácter previo ó inicio das actividades, a Xunta de Goberno Local, en base ós informes previos do Xefe de cada Servizo ou Dependencia e da Intervención Municipal sobre os custos soportados polo Concello, establecerá o prezo concreto de cada actividade, que conforme o artigo 44.1 do R.D.L. 2/2204, deberán cubrir como mínimo o custe do servizo prestado ou da actividade a realizar.”*

“Non obstante o anterior, conforme ó disposto no artigo 44.2 do R.D.L. 2/2004, cando exista razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a Xunta de Goberno Local poderá fixar prezos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nesto supostos deberán consignarse nos orzamentos da Entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbera.”

2º.- Publicar un anuncio que dea conta do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias dos servizos que organicen a actividade, que deberá ser exposto dende o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

23.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS: CURSOS DE WINDSURF, PADDLE SURF E KAIAC

Vista a **proposta de aprobación de prezos públicos** do Concelleiro Delegado de Deportes, Alejandro Vidal Álvarez, de data 26/05/2026, no que se solicita a aprobación de prezos públicos para a realización dos cursos de windsurf, paddle surf e kaiac durante os meses de verán para xóvenes nados/as entre 2007 e 2017.

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, e o Tesoureiro Municipal, Félix Carrasco del Pozo, de data 27/05/2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1º.- Establecer un prezo público de **50,00 €** por persoa participante, en base a **Ordenanza fiscal C.3 Reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo concello**, no seu artigo 4.2 (Establecemento e contía), establece que, *“A*



estes efectos, con carácter previo ó inicio das actividades, a Xunta de Goberno Local, en base ós informes previos do Xefe de cada Servizo ou Dependencia e da Intervención Municipal sobre os custos soportados polo Concello, establecerá o prezo concreto de cada actividade, que conforme o artigo 44.1 do R.D.L. 2/2004, deberán cubrir como mínimo o custe do servizo prestado ou da actividade a realizar.”

“Non obstante o anterior, conforme ó disposto no artigo 44.2 do R.D.L. 2/2004, cando exista razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a Xunta de Goberno Local poderá fixar prezos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestos supostos deberán consignarse nos orzamentos da Entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbera.”

2º.- Publicar un anuncio que dea conta do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias dos servizos que organicen a actividade, quedará ser exposto dende o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

24.- AUTORIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DA 5ª EDICIÓN DE “GASTROMAR RIBEIRA”

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Mar, Promoción do Litoral e festexos, Fernando Abraldes Pérez, de data 28/05/2026, relativo á celebración da 5ª edición de “Gastromar Ribeira”, na que expón:

“Que a Asociación de Empresarios de Ribeira vai a celebrar a quinta edición de “GASTROMAR RIBEIRA” os días 21, 22 e 23 de agosto na Praza de España, por isto, solicitan ao concello a través do rexistro xeral do Concello na data 23/04/2026 con Nº de rexistro de entrada 20269507, solicitando:

Autorización para levar a cabo a 5ª edición da Feira “GASTROMAR RIBEIRA” e reserva da Praza de España e da carpa (espazo municipal multiusos do 17 ao 25 de agosto) situada na rúa de Galicia, así como a entrada de camiós pola rúa Mendiño desde o 17 ao 25 de agosto para montaxe e desmontaxe de carpa, baños, foodtruck,

- 1. Retirada das farolas que están no centro da praza, así como algún bolardo para entrada e saída dos camiós.*
- 2. Uso de megafonía móbil polo concello desde o 1 ao 24 de agosto, dúas horas pola mañá e dúas pola tarde.*
- 3. Colocación de bandeirolas de carretera e pancartas publicitarias para a difusión do evento.*
- 4. Conexión para acometida eléctrica e toma de auga corrente.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración na Praza de España da 5ª edición de “GASTROMAR RIBEIRA” do 21 ao 23 de agosto; así como a colocación de bandeirolas, pancartas de carretera e o uso de megafonía para a difusión do evento.
- Autorizar a ocupación da Praza de España e a entrada de camiós pola rúa Mendiño do 17 ao 25 de agosto por mor da montaxe e desmontaxe da mesma. Retirada de farolas do centro da praza e bolardos para acceso de camiós.
- Autorizar a disposición de auga corrente e acometida eléctrica (estes servizos correrán a cargo da entidade organizadora do evento, Asociación de Empresarios de Ribeira).
- Autorizar a reserva da carpa (espazo municipal multiusos), situada na rúa de Galicia do 17 ao 25 de agosto, queda pendente do informe favorable da Concellería de Cultura do Concello de Ribeira.



- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Dar traslado deste acordo ao interesado, ás Concellarías de Cultura e Festexos e á Policía Local para o seu coñecemento.

25.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DA “FEIRA DE ARTESANÍA” – Madeira e Ferro, S.C.

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 26/05/2026, relativa á solicitude de autorización da “Feira de Artesanía”, na que expón:

*“Que MADEIRA E FERRO SC CIF J72734619 como representante María Maritza Vasques Rubio D.N.I. ***734*** vai a celebrar “A FEIRA DE ARTESANÍA” do 01 ao 19 de xullo no Malecón de Ribeira, por isto, solicitan ao concello a través do rexistro xeral do Concello na data 19/05/2026 con Nº de rexistro de entrada 202611834 solicitando:*

Autorización para celebrar no Malecón de Ribeira a “FEIRA DE ARTESANÍA” do 01 ao 16 de xullo de 2026

- 1. Montaxe das casetas do 26 ao 28 de xuño.*
- 2. Instalación dos feriantes o 29 e 30 de xuño.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da “FEIRA DE ARTESANÍA” do 01 ao 16 de xullo no Malecón de Ribeira.
Tendo en conta que a localización do espazo que solicita a empresa MADEIRA E FERRO SC para realizar a “FEIRA DE ARTESANÍA” non é de titularidade municipal; polo tanto é preciso que antes de comenazar a feira presente a autorización do espazo por parte da administración competente que é Portos de Galicia.
- Que sexa a entidade solicitante, MADEIRA E FERRO SC, quen solicite a autorización/permiso de ocupación do espazo á administración competente que, neste caso que nos ocupa, é Portos de Galicia.
- Todos os fornecementos/necesidades de auga e electricidade, correrán por conta do promotor do evento, incluída a xestión e a tramitación coas empresas subministradoras competentes.
- A empresa deberá, con antelación, coordinarse coa policía local para a montaxe e desmontaxe das estruturas/casetas e para a instalación dos feriantes.
- Dar traslado deste acordo ao interesado e á Policía Local de Ribeira para o seu coñecemento.



26.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN AMIGA

VISTA a proposta de colaboración presentada pola Asociación AMIGA para o desenvolvemento dun servizo especializado de orientación xurídica e inclusión social dirixido a persoas inmigrantes, solicitantes de protección internacional e emigrantes retornados do Concello de Ribeira.

CONSIDERANDO que o Concello de Ribeira, a través dos Servizos Sociais Comunitarios, ten entre as súas competencias a promoción do benestar social, a integración da cidadanía e a atención ás persoas en situación de vulnerabilidade social.

CONSIDERANDO que a Asociación AMIGA é unha entidade de iniciativa social con experiencia acreditada no ámbito do asesoramento e acompañamento ás persoas migrantes e retornadas, especialmente en materia de estranxeiría, protección internacional e inclusión social.

CONSIDERANDO que o convenio proposto permitirá reforzar a atención especializada ás persoas usuarias derivadas polos Servizos Sociais Municipais, facilitando asesoramento técnico e xurídico cualificado en materias relacionadas coa regularización administrativa, nacionalidade, reagrupación familiar, homologación de títulos e protección internacional.

CONSIDERANDO que o convenio non implica contraprestación económica para o Concello de Ribeira, tendo carácter gratuito e colaborativo.

VISTO o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; así como no artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

VISTA a proposta de resolución presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Brício.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Aprobado o borrador do convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación AMIGA para o desenvolvemento dun servizo especializado de orientación e inclusión social para persoas inmigrantes, solicitantes de protección internacional e emigrantes retornados, nos termos que figuran no expediente.

SEGUNDO.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a sinatura do citado convenio e para a realización de cantos trámites resulten necesarios para a súa execución.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Asociación AMIGA e aos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o seu coñecemento e efectos oportunos.



27.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSICAIS EN LOCAL DE HOSTALERÍA – José Alejandro Hermo García (CASA HERMO)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **José Alejandro Hermo García** en representación establecemento “**Casa Hermo**” (Oleiros), de data 27/05/2026 (Rexistro de entrada nº 12.547), nos que solicita permiso para a celebración de eventos musicais no establecemento hostaleiro “Casa Hermo” (Oleiros), os seguintes días:

Xuño 2026: 5, 6, 12, 13, 19, 20, 26, 27 e 30

Xullo 2026: 3, 4, 10, 11, 17, 18, 24, 25 e 31

~~Agosto 2026: 1, 7, 8, 14, 15, 21, 22, 28 e 29~~

28.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA Nº 110/26 DE PRAZA Nº 2 DA SECCIÓN DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL DE INSTANCIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 11/26, de data 22/04/2026, de Praza nº 2 da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Santiago de Compostela, no que falla desestimar o recurso contencioso-administrativo (PO 182/2024) interposto por Andrés Romay Seráns contra a resolución ditada pola Xunta de Goberno Local, en data 21/12/2023, pola que se desestima o Recurso Potestativo de Reposición interposto contra resolución ditada en data 24/02/2022, en sede do expediente de reposición da legalidade urbanística 2021/DISU000009.

29.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA Nº 293/2026 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO SECCIÓN 4 DA CORUÑA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 293/2026, de data 14/05/2026, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Contencioso-Administrativo Sección 4 da Coruña, no que falla desestimar o recurso seguido como Proceso Ordinario nº 15716/2025 a instancia de José Antonio Martínez Sampedro contra a resolución de 26/09/2025 do Tribunal económico Administrativo Rexional de Galicia, recaída no seu expediente con nº de referencia 15/05432/2023-00, estimatoria da reclamación económica administrativa formulada polo Concello de Ribeira contra a Xerencia Rexional do catastro no expediente nº 00599126.15/23.

30.- PROPOSTA DE REORDENACIÓN DE ESTACIONAMENTOS NA RÚA AMARELLA CRUCE COA RÚA PAYO GÓMEZ (RIBEIRA)

Vista a proposta presentada pola Policía Local, de data 31/05/2026, relativa á reordenación de estacionamentos na rúa Amarella cruce coa rúa Payo Gómez (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, Por unanimidade dos presentes, **acorda**:



Aprobar a reordenación de estacionamentos na rúa Amarella cruce coa rúa Payo Gómez (Ribeira), segundo o contido da citada proposta policial.

31.- PROPOSTA DE INSTALACIÓN DE ESPELLO VIAL NA RÚA HERMANOS TALLERES NERVIÓN (RIBEIRA)

Vista a proposta presentada pola Policía Local, de data 02/06/2026, relativa á instalación de espello vial na rúa Hermanos Talleres Nervión, á altura da saída do parking da Praza de España (Ribeira), para a mellora da seguridade viaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a instalación de espello vial na rúa Hermanos Talleres Nervión, á altura da saída do parking da Praza de España (Ribeira), para a mellora da seguridade viaria, segundo o contido da citada proposta policial.

32.- PROPOSTA DE INSTALACIÓN DE ESPELLO VIAL NA RÚA VALLE INCLÁN (RIBEIRA)

Vista a proposta presentada pola Policía Local, de data 02/06/2026, relativa á instalación de espello vial na rúa Valle Inclán, á altura do cruce coa rúa Pombal (Ribeira), para o reforzo da seguridade viaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a instalación de espello vial na rúa Valle Inclán, á altura do cruce coa rúa Pombal (Ribeira), para o reforzo da seguridade viaria, segundo o contido da citada proposta policial.

33.- SOLICITUDE INFORME SOBRE A PREVISIBLE UTILIDADE DA ADXUDICACIÓN DE BENS A FAVOR DO CONCELLO DE RIBEIRA - Deputación Provincial da Coruña

Foi retirado da Orde do Día o escrito remitido pola **Deputación da Coruña**, de data 28/04/2026 (Rexistro de entrada nº 9.866), no que solicita informe de se existen circunstancias que permitan prever que o ben con referencia catastral 0513129NH0101S0023IG non terá utilidade para o Concello de Ribeira, ou se pola contra, está interesado na súa adxudicación ao fin de cumprimentar os trámites preceptivos do expediente (Nº expte. Executiva: 2020EXP35019197).



34.- DACIÓN DE CONTA DA PARTICIPACIÓN DA ÁREA DE CULTURA DO CONCELLO DE RIBEIRA NO GALICIA ESCENA PRO 2026

Dáse conta á Xunta de Goberno Local, do informe presentado pola Concelleira Delegada de Cultura, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 02/06/2026, relativo á participación da área de cultura do Concello de Ribeira en Galicia Escena Pro, a feira galega das artes escénicas organizada pola Axencia galega das industrias culturais (AGADIC) da Xunta de Galicia e a asociación galega de empresas das artes escénicas, Escena Galega.

35.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE RIBEIRA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E ECOEMBS PARA A XESTIÓN DE RESIDUOS DE ENVASES DOMÉSTICOS

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

Primeiro. A Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, sinala no seu artigo 38.1 que os produtores do produto deben cumprir coas súas obrigacións a través de sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP). Así mesmo, a citada lei e a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, determinan que corresponde ás entidades locais a obrigación de xestionar os residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos.

Segundo. O Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, de envases e residuos de envases, obriga aos produtores a financiar e organizar a recollida e tratamento dos residuos de envases dun só uso. Para tal fin, prevese a celebración de convenios entre os sistemas colectivos (SRAP) e as administracións públicas cando estas interveñan na organización da xestión dos residuos, formalizándose preferentemente a través das autoridades competentes das comunidades autónomas.

Terceiro. Consta a formalización do “Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade Ampliada de Residuos de Envases Domésticos de Envases Lixeiros e Papel Cartón dun só uso” (neste caso, co SCRAP de Ecoembes).

Cuarto. Consonte a estipulación terceira do devandito Convenio Marco, as entidades locais que desexen participar nos mecanismos de xestión e financiamento regulados no documento deben formalizar e comunicar a súa adhesión voluntaria mediante o correspondente acordo aprobatorio do órgano municipal competente. O prazo máximo regulamentario para a devandita formalización e comunicación é de tres (3) meses desde a entrada en vigor do convenio marco para evitar quedar excluídos provisionalmente da súa aplicación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. O Concello de Ribeira ostenta competencias exclusivas en materia de xestión de residuos domésticos e municipais en virtude do artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril,



reguladora das bases do réxime local, en concordancia co previsto na lexislación sectorial de residuos básica estatal.

Segundo. A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a aprobación do presente acordo de adhesión a convenios de colaboración con outras administracións e organizacións, de conformidade coas atribucións delegadas e as previstas na lexislación de réxime local vixente.

VISTA a proposta do Concelleiro Delegado de Limpeza Viaria e Xestión de Residuos, Manuel Emilio Pérez Outeiral, de data 02/06/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Primeiro. Aprobar a formalización da adhesión voluntaria do Concello de Ribeira ao “Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade Ampliada de Residuos de Envases Domésticos de Envases Lixeiros e Papel Cartón dun só uso (Ecoembes)”.

Segundo. Aceptar integramente todas e cada unha das estipulacións, dereitos, obrigas e anexos técnicos ou económicos contidos no devandito Convenio Marco, os cales regulan as compensacións económicas e a operativa de xestión dos residuos de envases domésticos de envases lixeiros e de papel-cartón no termo municipal.

Terceiro. Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Ribeira para a sinatura do Modelo de Convenio de Adhesión e de cantos documentos electrónicos ou físicos sexan precisos para a total efectividade e posta en marcha deste acordo.

Cuarto. Establecer expresamente que, en relación co punto denominado “Modalidade de Adhesión”, regulada no marco da addenda e do condicionado de adhesión, o Concello de Ribeira opta pola “Opción C: O SRAP financia”. Baixo esta modalidade, o Concello mantén a organización total ou parcial das operacións de xestión e recollida separada dos residuos de envases domésticos dun só uso, mentres que o SRAP asume a obrigação de financiar e sufragar os custos necesarios consonte aos criterios e fórmulas de colaboración económica estipulados no anexo II do convenio.

Quinto. Determinar, no relativo ao punto “Designación do recuperador/reciclador de papel cartón”, regulado no marco da addenda e do condicionado de adhesión, que o Concello de Ribeira opta pola o seguinte compromiso explícito da entidade local: “*Que a Entidade designe o recuperador ou reciclador ao que lle entregará o material recollido...*”. O devandito nomeamento e os datos correspondentes ao xestor autorizado de destino final serán comunicados á Consellería e ao propio SRAP para garantir a debida trazabilidade do fluxo.

Sexto. Proceder á notificación e remisión por medios electrónicos do presente acordo, xunto co formulario de solicitude e documentación anexa requirida, á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia, para que proceda á súa validación e posterior comunicación ao SRAP adherido.



**36.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA –
Lucía Vilas Patiño (CLANDESTINO)**

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Lucía Vilas Patiño** en representación establecemento **“Bar Clandestino”** (Ribeira), de data 03/06/2026 (Rexistro de entrada nº 13.426), nos que solicita permiso para a celebración de evento musical no establecemento hostaleiro **“Bar Clandestino”** (Ribeira), o día 05/06/2026, en horario de 23:30 h. a 01:00 h.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

